

O HURU

«E a moura díxolle ao mozo:

—Non é ouro todo o que reloce.

E tras dicir estas verbas, desapareceu a moura e o tesouro que traía».

(Fragmento dunha lenda popular galega)

Na Fraga D'Ouro, a fada moura recollía folerpas de orballo nas herbas frescas. Miraba o sol como só poden ver o sol as mouras, e miraba as rochas, as árbores e as nubes, cheas de maxia e de encantos. Achegouse a poza do río para renovar os seus meigallos o atopouse cunha figura que choraba miúdo e lene. As bágoas caían na poza, pero non movían as augas. Ela achegouse. De preto pareceulle un mouro coma ela, alguén da súa especie, pero había algo diferente nos sens trazos. Quizáis por iso se sentiu atraída. Por ese algo distinto que ela non era quen de concretar. Deu uns pasos cara a el e este volveu a face. Os seus ollos escintilaron. a súa figura emitiu raios dourados, e a moura quedou prendida daquel seu mirar. Ela tentou algún feitizo en voz baixa, (tratando de descubrir quen era aquel que facía latexar o seu corazón, mais non puido chegar ó interior da **súa mente profunda**. Algo lle impedía ler os seus pensamentos agochados, Entón falou:

—Quen es e que fas na miña lagoa? Es amigo ou inimigo? —preguntou.

—Inimigo, dende logo, non, O meu nome e Labirinto e ando perdido nesta fraga dende hai días. Non era a miña intención molestar o teu fogar. Desculpas pido se hai ofensa —dixo.

—O meu nome e Fulgor, dona da poza e da casa que hai baixo as augas. As desculpas están aceptadas, mais dime se es mouro de terras de lonxe, ou un ser que non é mouro — quixo saber ela,

—Eu son Labirinto, e son o que son. Nunca nestes bosques estivera, máis fuxindo de inimigos acabei no medio destas árbores fermosas.

—E a onde te dirixes? —dixo a moura.

—Non teño amigos nin casa neste recuncho dos mundos, e retomar ó meu fogar tampouco podo —dixo el cheo de mágoa.

—E como así? —preguntóu Fulgor.

—O meu fogar foi devastado. Os meus amigos, defuntos. Os meus inimigos agardan aínda, na miña terra, o meu retorno. Mais en non ei volver, nada me queda nos campos mortos de onde veño —lamentouse,

—E que vas facer agora? Camiñar sen rumbo en soidade?—dixo ela.

—Que máis podo facer?—dixo el.

Ela sentiu unha gran compaixón ollando a súa cara triste. Sentíase namorada daquel descoñecido como se fose presa dun encanto. Deixou de lado a súa prudencia de moura e ofreceulle pasar uns días no seu fogar, mentras se recuperaba da tristura que sufría. El aceptou, e baixaron pola porta invisible á invisible casa subterránea. Fulgor pensaba que el podería quedar máis tempo se o conseguía namorar. Quizáis quedar para sempre. O amor cegaba os seus pensamentos.

Durante a cea Labirinto ergeuse da mesa, achegouse o ela e bicouna levemente. Fulgor sorriu. Aqueles habían ser uns días maravillosos, pensou.

Pasaron algunhas xornadas e ela só tiña ollos para Labirinto. Preparaba as comidas que máis lle gustaban, limpaba o fogar menos habitualmente, pois a el non lle agradaba o exceso de orde, e dáballe agarimos cando llos pedía. Ela sentía ledicia facendo todo o que el mandase. Estaba esquecéndose de sí mesma e das súas necesidades, e parecía non molestarlle. Tórtolas nodes sata a recoer herbas máxicas para convertilas en ouro. A el gustáballe o ouro. Acumulaba todo o que ela lle ofrecía e sempre pedía máis: Ela saía na escuridade, facía os seus encantos e volvía o fogar, cansa e sen enerxías, e chea de pedras douradas para o seu amado. Pero apenas lle importaba. Todo mal desaparecía cando el a miraba.

Un día estaba dándolle unhas fregas nos pés a Labirinto e notou algo diferente. A pel estaba endurecida e coma escamada. medráranlle algúns pelos duros, e as uñas crecéranlle en punta, Pareceulle estraño, pois até o de agora, a súa pel sempre a sentira fina e suave.

—Algo lle pasa os teus pés. Están cambiados. Estás ben Labirinto? Pásache algo malo? —dixo a moura.

—Son cousas naturais do meu corpo. Non te preocupes por iso e segue agarimándome coma sempre—dixo el.

O tempo seguía pasando e o corpo de Labirinto continuaba a transformarse paseniño. As súas mans alongáronse e os seus dedos retorcéronse, Os dentes medraban afiados e o seu cabelo murchaba e caía. O seu coxpo era un pouco máis grande cada día.

O seu comportamento tamén mudara. Nos primeiros días a moura gustaba de pasear con el, ensinándolle os recunchos misteriosos e máxicos da fraga enmeigada. El deixábase levar paseniño e camiñaban entre flores e árboles. Escoitaban a linguaxe secreta dos animais e os fríos cantos das augas nas fervenzas. Mais agora el apenas saía da casa. Sentaba longas horas en silencio, xogando cos anacos de ouro que ela lle traía.

Labirinto nunca perdía o apetito, e canto máis comía máis medraba, e canto máis medraba máis comía.

Pola contra, Fulgor dedicaba horas a prepararlle xantares, mentres ela apenas probaba alimento. O seu corpo encollía e a súa maxia perdía forza, e o seu encanto escintilaba apenas.

Tamén o ambiente do fogar cambiara. Antes de que Labirinto chegase a casa da moura sempre recendía a incenso e a esencias vexetais. Despois, el prohibiulle o uso de perfumes e fragancias co pretexto de que lle irritaban o nariz. Entón o fogar comezou a ter un cheiro estraño, acre e almiscrado. A moura resignouse, pois aínda estaba namorada, e acahou por acostumarse a aquel cheirume.

Un día Labirinto ollou o seu ouro acumulado e considerou que era suficiente.

—Non fai falla que saias máis noites a enmeigar herbas para traerme ouro. Xa teño o suficiente. E ti deberías ter suficiente contigo. De feito, penso que non deberías saír máis da casa. Cos teus meigaillos podes preparar comida abondo sen necesidade de ir cazar ou recoller froitas. Nada se che perdeu aí fóra. Agora podemos estar os dous xuntos sempre —dixo el.

—Como desexes, meu amor—dixo ela, apenas sen forza ou vontade.

O tempo pasou e Labirinto seguiu mudando. Agora nseu corpo ocupaba case toda a sola. Longas extremidades novas crecíanlle dende os brazos, as pernas e o tronco, e a pel, cuberta de cortiza escura, volvéraselle coma de madeira, e estaba enchida de fungos, liques o pequenos insectos,

Unha atmosfera húmida e pesada inundaba o aire do fogar. Teas de araña colgaban nos recantos sen luz. Hacía semanas que Labirinto non se movía do seu asento, e Fulgor limitábase a darlle de comer e a fitar cara a el, en silencio, apampada de amor. O seu brillo morría por momentos e os seus encantamentos apenas tiñan maxia.

Un día, coas súas últimos enerxías esgotándose, Fulgor achegouse a Labirinto e suplicou coa derradeira vontade que lle quedaba.

—Por favor Labirinto, déixame saír uns intres o mundo superior. Necesito tomar un baño na miña poza para recuperar os meus encantos. EstoU sen forzas e xa case non podo nin che preparar unha comida en condicións —dixo ella queixosa.

—Non —dixo el—. Xa non necesito máis comidas. E semella que ti tampouco.

—Por favor, déixame saír a bañarme nas miñas augas. Se non recupero a miña maxia, pronto vou esvarecer por sempre—laiousse ella.

—Non —volveu negar Labirinto.

—Sobe comigo, meu amor, polo que máis queiras —pregoulle.

—Non — seguiu negando el.

Ela ergueuse do chan e nun último esforzó agarrou unha das pernas de Labirinto e tratou de que se levantase. Fixo grande forza, pero apenas podía movela un chisco. Conseguiu elevar un pouco a coxa e puido ver unha morea de raíces que lle brotaban da carne. Miroulle os pes. Labirinto estaba cravado na terra da casa, medrando coma unha árbore. Fulgor mirou os ollos de Labirinto e berrou. O encantamento desaparecera e agora ela miraba por vez primeira o seu verdadeiro aspecto. Apenas sen azos tratou de fuxir pola porta. Topouna pechada, cuberta da ramaxe que medraba do corpo de Labirinto, que invadía a casa enteira. Fulgor deixouse caer derrotada, baixo o limiar da porta sen abrir.

—Quen es ti? Quen es en realidade? —dixo a moura pálida, coa voz esvaecida.

—Eu son o Huru, o das múltiples formas! Señor e gardián do tesouro baixo a lagoa! Este é agora o meu foga, e ninguén máis pode estar aquí! —berrou el.

Fulgor mirouno por última vez, pechou os ollos e suspirou. Despois evaporouse coma orballo, deixando unha brisa fresca no denso aire da cova escura.

Xavier Abal Fernández

